

BANDO

FOGUEIRAS SAN XOAN 2022

Condicións xerais:

1. A zona pública habilitada para realizar lumeiradas é a praia da Concha. Para manter no mellor estado posible a praia, non está permitido o uso de combustibles líquidos nin de acelerantes. Así mesmo, está prohibido queimar plásticos, cauchos, rodas, colchóns, madeira lacada, gomaespuma aceites e, en xeral, calquera substancia que pao arder poda producir gases tóxicos, **especialmente na praia, onde tampouco se queimarán mobles nin obxectos voluminosos e madeiras que leven puntas ou cravos (caixas, palés, ...).**
2. Para realizar fogueiras en espazos privados ou na zona pública habilitada na praia da Concha, deberá comunicarse por escrito ao Concello de forma presencial ou a través da sede electrónica.
3. Na comunicación deberase indicar: nome, apelidos, DNI e enderezo da persoa responsable da fogueira (deberá ser maior de idade), e a situación exacta da fogueira (preferentemente mediante a referencia catastral si se trata dunha parcela ou espazo privado).
4. A hora e data límite para presentar as comunicacións será o día 22 de xuño de 2022 ás 13.00 horas.

Medidas preventivas contra o lume:

1. Deberase coidar os arredores do lugar donde se realizará a fogueira, e en caso de emerxencia, chamar ao 085 ou 112.



Concello de Cariño

2. Non se poderá iniciar ou avivar a fogueira con substancias inflamables. A separación entre a parte máis extrema da fogueira e: edificios, construcións, árbores, tendidos eléctricos ou telefónicos, tuberías de gas, etc, será como mínimo de 12 metros.
4. O volume de combustible que forme a fogueira non poderá exceder os 1,5 metros de altura e 2 metros de diámetro.
5. O responsable da fogueira asegurase de que nos arredores non existen local ou locais que conteñan produtos inflamables. A distancia mínima a locais inflamables será de 50 metros.
6. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión, aínda que estean baleiros.
7. Non se poderá realizar a queima con vento.
8. O responsable da fogueira terá previsto material de extinción (extintores, mangueras con auga, etc).
9. Ao finalizar a fogueira, o responsable coidará de que as cinzas queden totalmente apagadas.

Consideracións finais

1. Aquelas fogueiras que non fosen comunicadas ou nas que non exista persoa responsable, non se poderán levar a cabo.
2. Deberanse tomar todas as medidas preventivas precisas para evitar incidentes por negligencia. En todo caso, é responsabilidade do titular da fogueira os danos que se puideran producir.

Cariño, 16 de xuño de 2022

Asdo.: José Miguel Alonso Pumar, Alcalde do Concello de Cariño.